

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de abril de 2019, realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

**2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da sala de lectura-biblioteca de Navia (20.266-240)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. SPIRAL CONTRACT, S.L.
2. SOLIDA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
3. KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días a CRITERIO EQUIPAMIENTO E INSTALACIONES, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente, para emendar a documentación do sobre A, deberá presentar o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) e o Anexo VI (grupo de empresas) esixidos na cláusula 14.2 do PCAP debidamente cumprimentados e asinados dixitalmente.

Lémbaselle que toda a documentación presentada no sobre A, agás a solvencia económica (contas), foi anexada sen sinatura dixital, polo que non está debidamente presentada. No entanto a documentación acreditativa dos requisitos previos (traballos similares realizados, contas anuais, escritura de constitución...) non forma parte do sobre A senón que será requirida, nun momento posterior, unicamente ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento.

Así mesmo infórmaselle que a proposición avaliable a través de fórmula debería ser presentada no sobre C, como esixe a citada cláusula 14 do PCAP. É máis, se neste procedemento se tiveran en conta criterios avaliables mediante xuízo de valor, este erro na presentación da documentación implicaría a súa exclusión do procedemento (cláusula 14.2b). Ao valorarse unicamente criterios de fórmula, o erro na presentación é emendable polo que pode neste momento presentar a súa proposición avaliable a través de fórmula asinada dixitalmente. En ningún caso poderá modificar o contido da súa proposición, debendo coincidir exactamente coa xa presentada.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/04/2019 13:32

Páxina 1 de 2

Expediente 20266/240

CSV: 2HE6C8-AE295C-B3D6A8-FTXQUM-91QYC8-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

\* Para os efectos de facilitarlle a presentación do DEUC, recoméndaselle que na “*Parte IV: Criterios de selección*”, en lugar de detallar a solvencia técnica e económica, contesten afirmativamente no seguinte apartado: “*a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección / Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos / Indique la respuesta*”.

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (“*As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante*”), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día 29 **de abril de 2019**.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

